


Plan Xeral de Atención á Diversidade

Conxunto de medidas organizativas, metodolóxicas e didácticas que o centro diseña e pon en práctica para proporcionarlle a todo o alumnado a resposta educativa máis acorde coas súas necesidades básicas.

DESDE A DIVERSIDADE



PARA LOGRAR A IGUALDADE



Departamento Orientación
IES Chapela
Curso 2012-13

ÍNDICE

I.	Xustificación baseada no contexto	3
II.	Identificación e valoración das necesidades	12
III.	Determinación dos obxectivos	15
IV.	Programas de atención á diversidade	16
	IV.1 Medidas ordinarias	17
	IV.2 Medidas extraordinarias	30
	IV.3 Outras medidas	42
V.	Criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.	44
VI.	Concreción das actuacións dos distintos profesionais	48
VII.	Mecanismos de coordinación con outras etapas educativas e cos centros adscritos	51
VIII.	Colaboración coas familias e cos diferentes servizos externos ao centro.	54
IX.	Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias	56
X.	Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan	57
XI.	Anexos	58

I. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O IES Chapela é un centro con aproximadamente 900 alumnos e alumnas, situado na localidade semiurbana de Chapela – 7611 habitantes- , pertencente ao concello de Redondela -30.000 habitantes- e próxima ao concello de Vigo -297.241-. Ofertamos ensinanzas de varios niveis educativos [ESO, Bacharelato e FP] e recibimos alumnado de varias localidades.

ESO	1º ESO	3º ESO
	2º ESO	4º ESO
	INTEGRACIÓN DE MATERIAS EN ÁMBITOS EN 1º ESO PMAR 2º e 3º ESO	
Bacharelato	1º Bacharelato	2º Bacharelato
Ciclos Formativos		
Familia Profesional Sanidade	C.M. Farmacia e Parafarmacia	C.S. Dietética C.S. Documentación Sanitaria
Familia Profesional Servizos á Comunidade	C.M. Atención Sociosanitaria	C.S. Educación Infantil C.S. Integración Social
Ciclos Adultos		

O alumnado de 1º ESO procede na súa maioría dos centros públicos de primaria de Chapela adscritos ao instituto, aínda que nos últimos anos a cifra de alumnado procedente doutros centros está aumentando [CEIP Paraixal, CEIP San Salvador de Teis e centros privados concertados]. No resto dos cursos da ESO tamén hai incorporacións de alumnos e alumnas procedentes doutros centros, xustificadas por traslado de domicilio, problemas sociofamiliares ou problemas económicos que están afectando a determinadas familias que no seu momento preferiron optar pola escola concertada fronte á pública, e agora non poden asumir ese gasto. En

Bacharelato o alumnado foise reducindo, tendo no curso 2012-13 un só grupo de 1º e un de 2º. Neste nivel tamén recibimos alumnado procedente doutros centros, ben por motivos económicos, ben por ter fracasado noutros centros. En FP no IES Chapela impártense ciclos da familia de Sanidade e da familia de Servizos socioculturais e á comunidade.

Na ESO e no Bacharelato o alumnado que non reside en Chapela vive no concello veciño de Vigo, mentres que na FP hai alumnado de distintas partes da provincia de Pontevedra.

Nos últimos anos recibimos no instituto un significativo número de alumnado con dificultades de aprendizaxe ou carentes de motivación escolar. No curso de elaboración deste Plan Xeral de Atención á Diversidade [2012-13] un 23% do alumnado de 1º ESO e un 20% do alumnado de 2º acode á aula de apoio, sendo oito os alumnos e alumnas procedentes dos CEIPs adscritos os que chegaron ao instituto con informes psicopedagóxicos.

Ademais, o número de alumnos e alumnas estranxeiros [Brasil, Colombia, República Dominicana, Perú, Portugal, Romanía, Uruguai...] está aumentando nas aulas, e aínda que as dificultades de aprendizaxe por deficiencias na escolarización se concentran no alumnado que está matriculado en 1º e 2º ESO, tamén existen problemas de desfase curricular no Bacharelato e na FP. Nalgúns casos, as certificacións e/ou convalidacións dos estudos realizados que se achegan para acceder ao Bacharelato e FP, non garanten o dominio dos coñecementos necesarios para incorporarse satisfactoriamente ao novo sistema educativo.

O nivel sociocultural das familias do alumnado é maioritariamente de tipo medio-baixo, con estudos primarios, aínda que tamén hai pais e nais con estudos medios e superiores. En xeral as familias encóntranse con dificultades para facer fronte aos problemas de aprendizaxe dos seus fillos e fillas, decidindo en moitas ocasións recorrer a axudas externas de academias, que na maioría dos casos non son efectivas.

O claustro está composto por 70 profesores e profesoras, incluíndo o Equipo Directivo e unha Orientadora. Do total do profesorado 60 teñen destino definitivo, unha destas prazas corresponde ao profesor de apoio que está en Comisión de Servizos polo que o traballo na praza carece de continuidade.

No IES Chapela tentamos atender a esta diversidade con crecentes necesidades ofrecendo o maior número posible de medidas de atención que podemos. Esta oferta vén condicionada cada curso escolar por:

A provisionalidade da praza [ou prazas] de apoio. Tanto a incerteza acerca do número de profesorado como a non continuidade na praza, dificulta a posta en funcionamento da aula de apoio. Non é o mesmo contar cun só profesor ou profesora, que dispor doutro máis. En vinte anos no instituto só se contou en dúas

ocasións con profesor e medio, e ocuparon a praza desde o curso 2000-01 oito profesores e profesoras diferentes. Algúns deles sen experiencia en secundaria.

A dispoñibilidade horaria do profesorado dos distintos Departamentos. Nos últimos anos véñse reducindo o número de profesorado no instituto, o que dificulta a aplicación de medidas de atención á diversidade aprobadas e levadas á práctica en cursos anteriores [desdobres, agrupamentos específicos...].

A organización dos recursos humanos e materiais do instituto en cada curso escolar. En función das decisións tomadas polos órganos de Dirección [CCP, equipo directivo, ...] os recursos humanos e materiais dispoñibles dedicáranse a priorizar unhas ou outras medidas.

A normativa legal, non sempre axustada ás verdadeiras necesidades do alumnado.

Marco legal



A Lei orgánica de educación 2/2006, do 3 de maio [LOE] no capítulo I do título preliminar establece os seguintes principios do sistema educativo para conseguir o éxito escolar de todo o alumnado:

1. Calidade de educación para todo o alumnado
2. Equidade
3. Inclusión educativa e a non discriminación
4. Educación ao longo de toda a vida
5. Flexibilidade para **adecuar a educación á diversidade** de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado
6. Orientación educativa e profesional
7. Esfuerzo compartido por alumnado, nais, pais ou titores e titoras legais, profesorado, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade
8. Autonomía dos centros para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares

Dita lei cumpríméntase con normativa específica e co DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. O citado decreto enumera os dous tipos de medidas de atención á diversidade: ordinarias e extraordinarias.

Na páxina web do instituto, na seguinte [ligazón](#) , está recollida toda a normativa vixente así como as medidas de atención á diversidade que esta lexislación nos permite ofertar.

http://www.edu.xunta.es/centros/ieschapela/gl/system/files/atencion_diversidade_0.pdf

Medidas ordinarias de atención á diversidade

Son aquelas que **adecúan o currículo, sen alteración significativa** dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro e ás características do alumnado.

Buscan dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe.

Entre estas medidas inclúense:

- a) *Adecuación da estrutura organizativa* do centro [horarios, agrupamentos, espazos] e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) *Adecuación das programacións* didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) *Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo* en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) *Adaptación* dos tempos e instrumentos ou procedementos de *avaliación*.
- e) *Aulas de atención educativa e convivencia* e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- f) *Desdobramentos de grupos*.
- g) *Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria*.
- h) *Programas de enriquecemento curricular*.
- i) *Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas*.
- j) *Programas de recuperación*.
- k) *Programas específicos personalizados*.
- l) *Programas de habilidades sociais*.

Medidas extraordinarias de atención á diversidade

Son aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que **poden requirir modificacións significativas do currículo** ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, **nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización**.

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Necesitarán autorización da Dirección do Centro, da Inspección, da Xefatura territorial ou da Dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Entre elas inclúense:

- a) Adaptacións curriculares.
- b) Agrupamentos flexibles.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- d) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- e) Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento [PMAR 2º e 3º ESO]
- f) Integración de materias en ámbitos en 1º ESO
- g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- h) Grupos de adquisición das linguas.
- i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

A Consellería de Educación poderá establecer cantas outras medidas de atención á diversidade considere necesarias, así como o procedemento para a súa autorización.

Referencias legislativas

- **Decreto 229 /2011** que regula a atención á diversidade en Galiza. [Ligazón](#).
- **Lei Orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de Educación (LOE)-Texto consolidado. [Ligazón](#).
- **Lei Orgánica 8/2013**, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. [Ligazón](#).
- **Aclaracións para o curso 2016/2017** relativas a diversos aspectos do bacharelato derivados do réxime transitorio da implantación da LOMCE. [Ligazón](#).
- **ORDE do 13 de xullo de 2016** pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica na ESO e bacharelato. [Ligazón](#).
- **Orde do 15 de xullo de 2015** pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica na ESO e bacharelato. [Ligazón](#)
- **Orde do 5 de agosto de 2014** pola que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas de formación profesional básica no curso académico 2014. [Ligazón](#)
- **Circular 8/2009** que regula e resume algunhas medidas de atención á diversidade. [Ligazón](#). [Programas de reforzo: linguas e matemáticas, programas de recuperación, programas específicos personalizados, aulas de atención educativa e convivencia, alumnado estranxeiro]
- **Orde do 24-06-2008** pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. [Ligazón](#) [artigo 4, páx. 12647, Desdobres en bacharelato, FQ, BX]
- **Decreto 133/2007**, do 5 de xullo, que regula as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. [Ligazón](#). [artigo 13. Atención á diversidade, páx. 12036]
- **Orde do 6-9-2007** pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria en Galicia. [Ligazón](#). [artigo 8. Atención á diversidade: Desdobres en Linguas e Matemáticas, Reforzo educativo nas áreas instrumentais, Agrupamentos de materias en ámbitos en 1º e/ou 2º ESO, páx. 15039]
- **Resolución do 15 xullo de 2016** pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da ESO e do bacharelato. [Ligazón](#). [PMAR, páx. 11] [Integración de materias en ámbitos de coñecemento en 1º ESO, páx. 17]
- **Orde 20-02-2004** (DOG 26-2-2004). [Ligazón](#). [Medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro]
- **Real Decreto 943/2003** que regula a flexibilización da duración dos diferentes niveis e etapas para alumnado con sobredotación. [Ligazón](#)
- **Resolución 5-6-2003** (DOG 20-6-2003). [Ligazón](#) [apartados d) páx. 8151 Desdobres en Lingua estranxeira, CCNN, FQ, BX, Tecnoloxía, Educación Física e módulos profesionais]
- **Orde do 27-12-2002** (DOG 30-1-2003) escolarización alumnado NEE. [Ligazón](#). [ACIs, Flexibilizacións, Atención hospitalaria/domiciliaria]
- **Orde do 16-7-2002** (DOG 13-9-2002) pola que se regula a avaliación e acreditación académica do alumnado que cursa as ensinanzas da formación profesional específica de réxime xeral na Comunidade Autónoma de Galicia. [Ligazón](#)

- **Circular 9/1999** da Dirección xeral de OE e FP. [Ligazón](#). [*Agrupamentos flexibles, Optatividade*]
- **Orde do 01-08-1997**, desenvolvemento ROC (DOG 2-9-1997). [Ligazón](#) [*punto 71 h*], [*Desdobres en CCNN, FQ, BX*]
- **Orde do 31-10-1996** (DOG 19-12-1996) que regula a avaliación psicopedagóxica do alumnado con NEE e establece o procedemento e criterios para a realización do ditame de escolarización. [Ligazón](#)
- **Orde do 28-10-1996** (DOG 28-11-1996) que regula a flexibilización do período de escolarización do alumnado con sobredotación. [Ligazón](#)
- **Orde do 6-10-1995** (DOG 7-11-1995), pola que se regulan as adaptacións do currículo. [Ligazón](#) [*Reforzo educativo, ACIs*]

Inicios da atención á diversidade no IES Chapela

A historia do IES Chapela con respecto á organización de medidas de atención á diversidade remóntase ao curso 1998-99, curso no que se crea o Departamento de Orientación e no que se empeza a debater sobre o Proxecto Curricular de Centro. Entón apostamos por un modelo de **ensino comprensivo** que parte dun curriculum común que debe chegar a todo o alumnado, para iso propuxémonos o reto de elaborar respostas educativas diferenciadas e axustadas aos diferentes intereses, motivacións e capacidades de aprendizaxe de cada un dos nosos alumnos e alumnas a través de:

1. A **Optatividade**. O labor do instituto tratando de dar resposta ás necesidades e intereses do alumnado neste campo foi arduo e con resultados aceptables. O deseño de itinerarios formativos na ESO e no Bacharelato resultou sempre dificultoso. O instituto trata de ofertar a maior variedade posible de materias tendo en conta as posibilidades do centro, orientando ao alumnado segundo as súas necesidades e posibilidades.
2. A realización de **Desdobres de Grupos** para a realización de prácticas [Tecnoloxía, Educación Física, Linguas Estranxeiras, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía], e de **Desdobres de Aula**, véñse realizando de forma intermitente dependendo da dispoñibilidade horaria do profesorado do Centro.
3. Os **reforzos educativos** en materias con especial dificultade para o alumnado [Matemáticas, Física e Química, Lingua Castelá,...] lévanse ofrecendo de xeito discontinuo ao longo destes anos, xa sexa impartido polo profesorado do propio Departamento ou por profesorado doutros Departamentos con dispoñibilidade horaria. O reforzo ten lugar no horario lectivo do alumnado ou polas tardes.
4. Os **Programas de Recuperación**. Cada curso escolar, ademais das probas ás que o alumnado ten dereito, as Xefaturas de Departamento veñen organizando

actividades de recuperación para o alumnado con materias pendentes, xa sexa a través de clases específicas en horario non lectivo do alumnado ou a través do seguimento dos traballos encomendados.

5. O deseño e aplicación de **Adaptacións Curriculares** comezou no curso 1998-99, e continúa hoxe en día. Ás veces continuando o labor dos CEIPs e outras deseñando unha ACI nova adecuada ao nivel educativo do alumnado.
6. **Aula de Apoio.** Empezou a funcionar nos anos 90 e no curso 1998-99 deseñouse unha nova organización da mesma a cal se mantén na actualidade.
7. A implantación dun **Programa de Diversificación de 2 anos** no curso 1999-2000, o cal se mantén na actualidade.
8. A implantación de **Agrupamentos Específicos** desde o curso 1999-2000. No instituto véñense organizando ditos agrupamentos nas materias e cursos que permite a lei, en función da dispoñibilidade horaria do profesorado e priorizando os cursos máis baixos e as áreas instrumentais.
9. A implantación dun **Programa de Garantía Social [PGS]** no curso 2001-02 que se levou adiante grazas a colaboración do Concello de Redondela, que brindou instalacións para que o alumnado fora formado polos seus operarios en carpintería, albanelería, xardinería... A experiencia do PGS co Concello de Redondela viuse interrompida ao curso seguinte pola especialización do lugar e persoas responsables da parte práctica. O programa retómase no curso 2007-08, esta vez en base a acordos con empresas da zona, con mellores resultados. Os PGS foron substituídos polo Programa de Cualificación Profesional Inicial [PCPI], ofertado no IES Chapela pola modalidade C. Na actualidade, unha vez desaparecidos os PCPIs, no IES Chapela non se imparte a nova Formación Profesional Básica [FPB]

É necesario reflectir que ao longo desde 1998, houbo e hai alumnado que se traslada desde outros centros ao IES Chapela -algúns deles concertados-, buscando medidas de atención á diversidade que nos seus centros de procedencia non lles ofrecían. O IES Chapela foi e segue sendo no seu contorno un referente con respecto á atención á diversidade, importancia recoñecida a través de distintos premios autonómicos e nacionais ao seu alumnado e ao seu profesorado.

II. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

A detección e identificación das necesidades educativas do alumnado deben realizarse o máis temperamente posible, co fin de adoptar as medidas educativas máis adecuadas de forma inmediata.

Serán considerados **alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio [ACNEA]** todos aqueles que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar:

1. Necesidades educativas especiais
2. Dificultades específicas de aprendizaxe
3. Altas capacidades intelectuais
4. Integración tardía ao sistema educativo
5. Condicións persoais ou de historia escolar

Tamén serán candidatos a recibir medidas de atención á diversidade aquel alumnado que sen ser ACNEA precise determinadas axudas tales como cambios metodolóxicos, axudas en grupos reducidos, actividades de reforzo ou ampliación ou actividades para resolver problemas de relación [HHSS].

Procedementos para a valoración das necesidades de apoio do noso alumnado:

- **Finais do mes de xuño.** Análise conxunta entre os titores e titoras de 6º Primaria, as orientadoras dos CEIPS, a Xefa de Estudos do IES, a Orientadora do IES, a profesora ou profesor de Apoio do IES e os Xefes ou Xefas dos distintos Departamentos que impartan áreas ou materias en 1º ESO, da situación académica e sociofamiliar de todos e cada un dos alumnos e alumnas que pasarán a 1º ESO, incidindo nos casos que presenten unha problemática específica, un desfase curricular importante, ou precisen o deseño de adaptacións curriculares ou revisión das que aínda seguen vixentes. As decisións tomadas nesa reunión servirán de guía para organizar as medidas de atención á diversidade do novo curso para 1º ESO. O alumnado que xa acudía en Primaria á Aula de Apoio, se se considera necesaria a continuidade desta medida, recibirá esta axuda desde os primeiros días do novo curso, ditas axudas serán en Lingua Castelá e/ou Matemáticas. Nesta sesión así mesmo tomarase nota do alumnado que pasa a 1º ESO por imperativo legal, co fin de adoptar as medidas de atención máis convenientes para eles e elas [reforzos, exención de 2ª lingua, agrupamentos de materias en ámbitos].

- **Avaliacións de xuño e setembro.** Nestas sesións de avaliación propónse ao alumnado candidato de: aula de apoio, agrupamentos de materias en ámbitos, PMAR, FPB, agrupamentos específicos, ou flexibilización do período de escolarización.
- **Inicio de curso.** Analizados os expedientes do alumnado matriculado, a Xefatura de estudos e o Departamento de orientación valorarán a inclusión de determinado alumnado nas medidas de atención á diversidade previstas ou a implantación de novas medidas non contempladas anteriormente [agrupamentos de materias en ámbitos, grupo de adquisición de linguas, grupo de adaptación de competencia curricular, programa de enriquecemento curricular, flexibilización da duración do período de escolarización...]. Despois desta análise, e tendo en conta os recursos humanos e materiais do centro, adecuaranse as programacións didácticas e a estrutura organizativa do mesmo ás características do alumnado [horarios, agrupamentos, espazos].
- **Sesións de preavaliación no mes de outubro** de todo o alumnado dos distintos niveis educativos que se imparten no instituto [ESO, Bacharelato, FP]. Nestas reunións os titores e titoras, o equipo docente do grupo e o Departamento de Orientación toman decisións con respecto ás mellores estratexias e recursos para atender as condicións de aprendizaxe do grupo ou de alumnos e alumnas en particular [adecuación dos tempos e instrumentos de avaliación e adaptacións metodolóxicas]. Tamén é o momento para solicitar ao Departamento de orientación a valoración de problemáticas de aprendizaxe, e de habilidades sociais, detectadas nese tempo polo equipo educativo. Na sesión realizaranse propostas sobre a adopción de determinadas medidas co alumnado que o precise tales como: cambio de nivel, cambio de grupo, reforzos e agrupamentos, exención da 2ª lingua estranxeira, inclusión na[s] aula[s] de apoio, programas de reeducación de conduta, técnicas de estudo,...
- **REOR.** A análise comparativa do traballo do alumnado dun mesmo nivel por parte dos distintos titores e titoras, axuda a detectar problemas de aprendizaxe ou conduta, xa sexan individuais ou asociadas a un grupo.
- **As 2ª e 3ª sesións de avaliación,** así como todas as reunións que se convoquen ao longo do curso pola Xefatura de estudos ou a petición do profesorado ou do Departamento de Orientación, servirán de espazo para comentar e acordar medidas ante as dificultades detectadas nos alumnos e alumnas. Os acordos tomados recolleranse nun documento específico.
- **Ao longo do curso** e fronte a calquera enfermidade, accidente, tratamento... do alumnado que impida a súa asistencia continuada ao centro deseñárase un plan de atención específico.

Cando os problemas de aprendizaxe non se resolven coas estratexias ordinarias de atención á diversidade postas en marcha polo profesorado, o Departamento de orientación iniciará unha avaliación psicopedagóxica, que ofrecerá un diagnóstico da situación do alumno ou alumna e determinará as medidas específicas que deben afrontarse.

En ocasións son os propios pais, nais ou titores legais os que detectan e alertan ao equipo educativo sobre posibles problemas de aprendizaxe dos seus fillos e fillas que deben avaliarse e diagnosticarse.

III. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

A finalidade deste Plan de Atención á Diversidade é o deseño no IES Chapela da organización das medidas necesarias para a prevención e detección das dificultades de aprendizaxe nas nosas clases, así como para a posta en marcha das actuacións ordinarias e as extraordinarias para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Dentro deste grupo incluímos tamén aos alumnos e alumnas que non conseguiron os obxectivos do seu nivel e repiten ou ben promocionan con 3 ou máis materias suspensas, así como aos alumnos e alumnas que presentan dificultades de integración na actividade ordinaria do centro. Todos eles deben ser obxecto de consideración especial á hora de planificar as medidas de atención á diversidade.

Creemos que a resposta educativa que poñamos en marcha debe orientarse á normalización, inclusión, compensación e equidade no proceso educativo dos nosos alumnos e alumnas, así como nas súas interaccións persoais e sociais, na aula e no centro, co obxecto de garantir a igualdade de oportunidades de todos e todas no acceso, a permanencia e a promoción no sistema educativo.

Como **obxectivos xerais** propoñémonos:

1. Prever e **detectar de xeito temperán** os problemas de aprendizaxe dos nosos alumnos e alumnas mediante medidas de coordinación e actuación necesarias que faciliten orientacións metodolóxicas, criterios e procedementos de avaliación e estratexias para o seguimento do proceso de ensino e aprendizaxe. Asumimos que a prevención evita a aparición de problemas que máis adiante necesitarían unha solución máis complexa.
2. Establecer un **marco xeral de traballo** que permita ao profesorado:
 - Pór en marcha medidas de apoio ordinario ao proceso de ensino e aprendizaxe. Este apoio contribuirá a que o alumnado aproveite as súas propias habilidades e recursos para o seu desenvolvemento e a consecución dos fins académicos establecidos no currículo de cada etapa.
 - Implantar medidas extraordinarias de apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe para aquel alumnado con necesidades educativas específicas. Estas medidas deben ser consideradas como último recurso, despois de esgotar as posibilidades das medidas ordinarias.
3. Optimizar os **recursos humanos** do centro [profesorado con dispoñibilidade horaria] para mellorar a calidade e eficacia da educación.
4. Fomentar a **participación das familias** no proceso de ensino e aprendizaxe dos seus fillos e fillas.
5. Impulsar a **colaboración con outras institucións e asociacións**.

IV. PROGRAMAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En todas as medidas de atención á diversidade aplicadas no centro teremos en conta os seguintes principios de actuación:

1. A detección e **identificación das necesidades** educativas do alumnado, así como a súa atención, realizaranse o máis temperán posible, co fin de adoptar as medidas educativas máis adecuadas.
2. Promoverase o **traballo en equipo** do profesorado, a colaboración e responsabilidade compartida dos distintos profesionais e a participación en proxectos de formación conxunta.
3. As medidas de atención á diversidade que require o IES Chapela implican unha **organización flexible** da ensinanza e unha atención individualizada en función das necesidades educativas de cada alumno e alumna, xa sexan de tipo persoal, intelectual, social ou emocional.
4. Estas medidas irán dirixidas á consecución do éxito educativo de todo o alumnado. Somos conscientes de que a atención á diversidade esixe un **clima de convivencia positivo** que favoreza a cohesión da comunidade educativa, o respecto ás diferenzas e a confianza e aprecio nas relacións persoais entre profesorado e alumnado, e entre os alumnos e alumnas entre si. Este debe ser o fundamento sobre o que construír as respostas á diversidade no noso instituto.
5. Asegurarase os procedementos e medios necesarios para comunicación e colaboración cos pais, nais ou titores legais no proceso de detección precoz, identificación, valoración, intervención e seguimento das necesidades educativas dos seus fillos e fillas.
6. As nosas actuacións requiren dunha adecuada **coordinación** con outras organizacións: prioritariamente cos tres centros públicos de primaria adscritos ao instituto [CEIP Alexandre Bóveda, CEIP Igrexa e CEIP Laredo], pero tamén con outras Administracións ou entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro que realicen tarefas complementarias para a atención educativa do alumnado.
7. Asegurarase os procedementos e medios necesarios para comunicación e **colaboración cos pais, nais ou titores legais** no proceso de detección precoz, identificación, valoración, intervención e seguimento das necesidades educativas dos seus fillos e fillas.

Na descrición dos programas deste PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE describimos tanto os ofertados na actualidade polo centro, como aqueles outros que se poderían aplicar nun futuro reconsiderando as necesidades do alumnado.

IV.1 Medidas ordinarias de atención á diversidade

- Algunhas destas medidas organízanse todos os anos: **adecuación da estrutura organizativa, adecuación das programacións didácticas e das metodoloxías, algúns reforzos, atención a pendentes e programa de habilidades sociais.**
- Os **desdobres de grupos** están condicionados pola necesidade e a dispoñibilidade horaria dos membros dos Departamentos implicados.
- Para o resto das medidas ordinarias facemos referencia á lexislación, deseñamos un protocolo básico de actuación en caso de que o centro decida aplicarlas.

MEDIDAS ORDINARIAS (O)	MEDIDAS DE REFORZO [Pica para ver información de cada medida]
a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado	A OFERTA DE MATERIAS OPTATIVAS
b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	
c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos,.....	
d) Adaptacións dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación	
e) Aula de atención educativa e convivencia	AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA E CONVIVENCIA
f) Desdobramentos de grupos	DESDOBRE 1 H/SEMANA
	DESDOBRAMENTO EN LINGUAS E MATEMÁTICAS
g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.	REFORZO DO PROFESORADO CON DISPOÑIBILIDADE HORARIA.
h) Programas de enriquecemento curricular	PROGRAMA DE ENRIQUECEMENTO CURRICULAR (SOBREDOTACIÓN)
i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.	REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS CON ATRIBUCIÓN HORARIA
j) Programas de recuperación	PROGRAMAS DE RECUPERACIÓN NAS DEMAIS ÁREAS [NON INSTRUMENTAIS]
	ATENCIÓN A PENDENTES
k) Programas específicos personalizados	PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS
l) Programas de habilidades sociais	HHSS

Medidas Ordinarias
<p>[a] Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado</p>
<p>[b] Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado</p>
<p>[c] Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos,.....</p>
<p>[d] Adaptacións dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación</p>

O EQUIPO DIRECTIVO e a COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA deberán ter en conta as características do alumnado á hora de organizar a oferta educativa do centro:

- **Optatividade e itinerarios.** Ofrecerase o máximo de optativas posibles en todas as etapas educativas, en función das posibilidades do centro e das necesidades para os estudos futuros do alumnado. Os itinerarios ofertados deberán responder ás necesidades formativas do alumnado e o centro garantirá unha orientación académico profesional para unha elección axeitada.
- **Formación de grupos.** Na súa formación distribuirase o alumnado de xeito que queden equilibrados os alumnos e alumnas con problemas de conduta e dificultades de aprendizaxe.
- **Horario das materias.** Dentro das posibilidades do centro procurarase a alternancia tanto en días como en horario [días non consecutivos e horas diferentes].
- **Espazos e recursos.** Cada curso escolar adaptaranse os espazos segundo as necesidades educativas do alumnado favorecendo a implantación das medidas de atención á diversidade. No referente aos recursos buscarase aumentar a dotación, optimizar os usos dos existentes e fomentar entre o profesorado o uso dos mesmos. Os espazos comúns tales como biblioteca, aulas de informática, aula de usos múltiples... xogan un papel importante na formación do alumnado, polo que se procurará unha boa dotación, un correcto mantemento e un fomento do seu uso.

O PROFESORADO, con respecto á a atención á diversidade, terá en conta na:

- **Programación.** Cada curso adaptará as programacións da súa materia ás características do alumnado, contando coa colaboración do Departamento de orientación en caso necesario.
- **Metodoloxía.** Unha metodoloxía activa, participativa e potenciadora do traballo en grupos heteroxéneos, favorece a mellora de resultados do alumnado, especialmente daquel que recibe medidas de atención á diversidade.
- **Avaliación.** Os tempos e instrumentos de avaliación adaptaranse ás necesidades do alumnado sempre que exista un diagnóstico ou informe específico que así o recomende.

**AULA DE ATENCIÓN
EDUCATIVA E
CONVIVENCIA**

Medida Ordinaria [e]

Obxectivo: atender, nun lugar específico, ao alumnado que presenta condutas disruptivas impedindo o normal desenvolvemento da clase, para que realice tarefas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso do que proceda.

Perfil: alumnado da ESO que presente condutas disruptivas.

Organización:

- Calquera alumno ou alumna derivado á aula de atención educativa e convivencia deberá contar sempre con tarefas para realizar durante a súa permanencia nela.
- Será o profesorado que remita ao alumnado a esa aula quen estableza as tarefas que cada alumno ou alumna deba realizar, coras corrixa e as avalíe.
- Cada vez que un alumno ou alumna acuda a esta aula, a familia será informada segundo o procedemento indicado pola Xefatura de estudos [chamada de teléfono por parte do profesorado titor, chamada de teléfono por parte da Xefatura de estudos, correo electrónico do profesorado titor, correo electrónico da Xefatura de estudos, nota na axenda redactada por parte do titor ou titora, nota redactada polo profesor ou profesora que enviou ao alumno á aula...]
- A Xefatura de estudos establecerá gardas específicas para atender esta aula nas que deberán estar incluídos todos os profesores e profesoras do centro.

**DESDOBRAMENTO
DE GRUPOS
1h SEMANAL**

Medida Ordinaria [f]

Obxectivo: traballar de xeito máis personalizado co alumnado aspectos instrumentais [conversa, prácticas de laboratorio, de taller, deportivas...] das materias contempladas na lexislación vixente.

Perfil:

- Alumnado da ESO e Bacharelato cuxos coñecementos o permitan poder participar durante unha hora á semana en grupos de conversa en linguas estranxeiras [Inglés e Francés].
- Alumnado da ESO e Bacharelato para o que se establece unha hora á semana de prácticas de laboratorio na área de Ciencias da Natureza, en Física, Química, Bioloxía e Xeoloxía.
- Alumnado da ESO para o que se establece unha hora á semana de prácticas en Tecnoloxía.
- Alumnado da ESO para o que se establece unha hora para realizar prácticas deportivas.

Organización:

- Distribuír ao alumnado dunha clase en dous grupos, cada un cun profesor ou profesora distinto en aulas diferentes.
- Acostuman a ser grupos estables.
- A distribución do alumnado faise, segundo a materia, en función de criterios diversos [nivel de competencia curricular –linguas estranxeiras-, traballo en grupos reducidos que permitan a utilización de metodoloxías máis activas e participativas...].

DESDOBRAMENTO DE GRUPOS EN LINGUAS E MATEMÁTICAS

Medida Ordinaria [f]

Obxectivo: asegurar a adquisición das competencias básicas nas materias instrumentais de lingua e matemáticas.

Perfil: alumnado con dificultades nas materias de linguas e matemáticas

Organización:

ESO

- O reforzo educativo nas áreas instrumentais, lingua castelá e galega e matemáticas, será unha medida de atención á diversidade prioritaria.
- Os desdobres nestas materias poderá levarse a cabo se o grupo supera os 20 alumnos e alumnas, e se o centro conta con dispoñibilidade horaria do profesorado.
- Na distribución horaria dos Departamentos despois de ser contabilizadas as horas das actividades docentes da súa especialidade e das materias afíns que, se é o caso, lle correspondan, será prioritaria a dedicación ao reforzo do alumnado que o necesite para unha mellor atención á diversidade.

**REFORZO DO
PROFESORADO
CON
DISPOÑIBILIDADE
HORARIA**

**Medida Ordinaria
[g]**

Obxectivo:

- Consolidar a aprendizaxe de contidos instrumentais básicos non acadados por algúns alumnos e alumnas.
- Ofrecer ao alumnado con dificultades na materia, unha atención máis personalizada en pequeno grupo.
- Procurar que o alumnado con dificultades na materia, poida superala.
- Posibilitar a impartición de contidos procedimentais prácticos nos grupos ordinarios .

Perfil:

- A. **alumnado da ESO** con dificultades en determinadas materias proposto polo profesorado do curso ou do curso anterior, ao que non é posible incluír noutra medida de atención á diversidade.
- B. **Alumnado de todos os niveis** con dificultades nas materias no curso que está realizando e que voluntariamente queira recibir axuda fóra do seu horario lectivo [tardes].

Organización:

1. Profesorado doutros Departamentos con dispoñibilidade horaria

- O profesor ou profesora de reforzo imparte clases a un reducido número de alumnado de cada grupo da ESO no mesmo horario da materia, ben na totalidade do horario da mesma ou parcialmente.
- O profesor ou profesora traballa co alumnado de xeito individualizado as carencias de cada alumno ou alumna.

2. Profesorado do mesmo Departamento

- O reforzo en horario lectivo do alumnado realízase exclusivamente en base aos contidos mínimos da materia.
- O profesorado do propio Departamento poderá impartir clases voluntarias para o alumnado, nos niveis no que imparte clase, en horario de tarde.

**PROGRAMAS DE
ENRIQUECEMENTO
CURRICULAR
[SOBREDOTACIÓN]**

Medida Ordinaria [h]

Obxectivo: ofrecer unha atención personalizada ao alumnado con necesidades educativas específicas debido a súa condición de sobredotación,

- potenciando ao máximo as súas capacidades.
- axustando o curriculum ás súas posibilidades, para evitar o aburrimiento.
- favorecendo o establecemento de relacións sociais.

Perfil: alumnado de ESO que necesita desenvolver as súas altas capacidades a través de ampliación do currículo que conte cunha avaliación psicopedagóxica.

Organización:

- O alumnado con sobredotación intelectual deberá seguir medidas de enriquecemento que fagan posible o desenvolvemento da creatividade, mediante a:
 1. Realización de actividades deseñadas polo profesorado das distintas materias.
 2. Asistencia a grupos de diferente nivel de competencia curricular ao que lle corresponde por idade.
- Unha vez aplicadas estas medidas ordinarias, e no caso de que as mesmas non acaben de dar respostas aos seus intereses, estudarase a aplicación de medidas extraordinarias:
 - ✓ Deseño de adaptacións curriculares
 - ✓ Flexibilización de período de escolarización

**PROGRAMAS DE
REFORZO NAS ÁREAS
INSTRUMENTAIS BÁSICAS**

**Medida Ordinaria
[i]**

Obxectivo: acadar as competencias básicas nas áreas instrumentais.

Perfil: [circular 8/2009, páxina 2]
alumnado de 1º e 2º da ESO que estea nalgún destes casos

- accede á ESO por imperativo legal
- repite 1º ou 2º
- promociona a 2º con MAT/LC/LG suspensas

Organización:

- Na reunión cos CEIPs no mes de xuño faise un listado do alumnado candidato a recibir esta medida. O listado pode modificarse ou completarse coas propostas das sesións de preavaliación.
- O programa estará baseado nos contidos mínimos.
- O horario no que o alumnado recibe o reforzo será o da materia da 2ª lingua estranxeira.
- O alumnado estará exento de cursar Lingua estranxeira [artigo 5.f Orde 6-9-2007].
- Profesorado implicado nas áreas de Linguas: L. Galega, L. Castelá, Inglés, Francés, Latín e Grego.
- Profesorado implicado na área de Matemáticas: Matemáticas, FQ, B-X e Tecnoloxía.

**PROGRAMAS DE
RECUPERACIÓN
[NAS ÁREAS NON
INSTRUMENTAIS]**

**Medida Ordinaria
[j]**

Obxectivo: axudar ao alumnado a recuperar aprendizaxes de materias suspensas [que non sexan as instrumentais]

Perfil: [circular 8/2009, páxina 3]
alumnado que promocioe a 2º ESO coas áreas instrumentais superadas e con outras materias suspensas.

Organización:

- Os Departamentos que non teñan completo o seu horario lectivo poderán completalo establecendo un programa específico de recuperación en 2º ESO.
- Os programas estarán baseados nos mínimos esixibles do curso correspondente.
- O profesorado responsable de impartir o programa e avaliar ao alumnado serán os profesores e profesoras dos Departamentos asociados ás materias pendentes.
- O alumnado que curse os programas de recuperación poderá quedar exento de cursar a materia de Lingua Estranxeira.

**PROGRAMAS DE
RECUPERACIÓN
[MATERIAS
PENDENTES]**

**Medida Ordinaria
[j]**

Obxectivo:

- axudar ao alumnado a recuperar aprendizaxes de materias ou módulos pendentes de cursos anteriores.
- utilizar medidas organizativas e oportunidades para implicar ao alumnado no traballo das pendentes, cando non existan clases específicas de recuperación.
- empregar a dispoñibilidade horaria dos Departamentos para impartir clases de pendentes nas materias e módulos que os Departamentos consideren convenientes, tendo en conta as dificultades de autoaprendizaxe do alumnado e as dificultades económicas das familias.

Perfil: alumnado da ESO, bacharelato e FP.

Organización:

- As Xefaturas de Departamento deseñarán actividades ou clases de recuperación para todo o alumnado que teña materias ou módulos pendentes do curso anterior.
- O traballo que debe realizar cada alumno e alumna con pendentes seralle comunicado directamente polo profesorado da materia, o profesorado titor ou o xefe ou xefa do Departamento.
- Na FP o profesorado titor coordinará xunto coa Xefatura de Departamento o plan de recuperación de módulos.
- As clases de recuperación, no caso de existir, serán en horario non lectivo de tarde e polo tanto non obrigatorias para o alumnado.
- O seguimento do alumnado en xeral é obriga do profesor ou profesora da materia.
- As actividades de avaliación, reflectidas nas programacións didácticas, serán deseñadas polas Xefaturas dos distintos Departamentos, respectando sempre o dereito do alumnado ás probas extraordinarias de maio e setembro, en datas fixadas pola Dirección do instituto.
- A Dirección do centro fixará as datas para que o alumnado de FP que supere os módulos pendentes na sesión final extraordinaria poida realizar o período de formación en centros de traballo.

**PROGRAMAS
ESPECÍFICOS
PERSONALIZADOS**

Obxectivo: axudar ao alumnado repetidor de ESO a superar as dificultades reflectidas no informe de avaliación final polo profesorado titor do curso anterior. Considerarase así mesmo a información obtida no proceso de avaliación inicial do curso actual.

Medida Ordinaria [k]

Perfil: alumnado repetidor de 1º, 2º, 3º e 4º ESO.

Organización:

- Os Departamentos didácticos deseñarán programas específicos especializados para este alumnado que incluíra actividades de aprendizaxe que realizarán semanalmente.
- O profesorado que imparta cada área ou materia fará o seguimento de cada alumno ou alumna na realización das tarefas propostas polo Departamento correspondente e comunicaranllo ao profesorado titor, quen, coa frecuencia e segundo o procedemento establecido, deberá facelo chegar ás familias, para o seu coñecemento e colaboración.
- O alumnado de 1º e 2º incluído nun programa de reforzo poderá quedar exento da realización do programa en dita área.

PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS [HHSS]

Obxectivos:

- Transmitir ao alumnado os compoñentes da comunicación humana [verbal e non verbal].
- Ensinar ao alumnado a manexar as técnicas básicas da comunicación eficaz.
- Favorecer a incorporación de condutas socialmente desexables na vida cotiá do alumnado.

Medida Ordinaria [I]

Perfil: alumnado da ESO, bacharelato e FP que non sabe utilizar correctamente estratexias para comunicarse e afrontar as distintas situacións que se lle presenten: alumnado tímido, introvertido, agresivo, arrogante, antisocial...

Organización:

- O Plan de HHSS forma parte do Plan de Actividades do Departamento de Orientación e está ligado ao Plan de Acción Titorial, estando implícito en todas as actividades de tutoría que se realizan ao longo do curso.
- As HHSS son traballadas na aula polo profesorado titor.
- Nos casos nos que este traballo sexa insuficiente o Departamento de Orientación encargarse directamente dun traballo máis intensivo co alumno ou alumna ou co grupo completo.
- O traballo individualizado realízase nos recreos para que o alumnado non perda ningunha clase, ou emprégase a hora de tutoría se o traballo é cun grupo completo.
- O número de sesións será a que os titores ou titoras, e o Departamento de Orientación consideren convenientes, sempre tendo en conta o avance do alumno ou alumna, as súas necesidades e a opinión do equipo docente que lle imparta clase.
- A avaliación levarase a cabo ao longo de todo o proceso para coñecer como se está desenvolvendo e introducir as modificacións oportunas para a mellora do programa. Nela participarán alumnado, profesorado e Departamento de Orientación.
- A eficacia do plan será valorada a través dunha planilla que inclúa os indicadores específicos de cada caso.

IV.2 Medidas extraordinarias de atención á diversidade

- Algunhas destas medidas organízanse todos os anos: **ACIs, agrupamento de materias en ámbitos 1 ESO, PMAR e aula de apoio.**
- Os **agrupamentos específicos** nas distintas materias están condicionados polo número de alumnado proposto e a dispoñibilidade horaria dos membros dos Departamentos implicados.
- Para o resto das medidas extraordinarias facemos referencia á lexislación, deseñamos un protocolo básico de actuación, quedando pendente a concreción de programas específicos cando se detecte no centro a necesidade específica.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS (Ex)	MEDIDAS DE REFORZO [Pica para ver información de cada medida]
a) Adaptacións curriculares.	ACIs
b) Agrupamentos flexibles.	AF
c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.	APOIO
d) Flexibilización da duración do período de escolarización.	FLEXIBILIDADE DA IDADE DE PERMANENCIA NA ETAPA FRAGMENTACIÓN DOS CURSOS DE TERCEIRO E CUARTO DE ESO
e) Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento	PMAR
f) Integración de materias en ámbitos en 1º ESO	INTEGRACIÓN DE MATERIAS EN ÁMBITOS
g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.	DIFICULTADES ASITENCIA
h) Grupos de adquisición das linguas.	GAL
i) Grupos de adaptación da competencia curricular.	GAC

ADAPTACIONES CURRICULARES [ACIs]

Medida Extraordinaria [a]

Obxectivo: atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna con dificultades persoais ou altas capacidades.

Perfil: alumnado que por diversas razóns [educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou posuír cualidades excepcionais non pode seguir o proceso ordinario de ensino aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia. As ACIs poderanse deseñar en todos os niveis educativos. ESO e bacharelato]

Organización:

- As ACIs deseñaranse unha vez esgotadas as medidas ordinarias.
- O deseño corresponde ao profesorado da materia co asesoramento da orientadora ou do equipo de orientación específico
- O referente son os obxectivos xerais da etapa. Se é o caso os obxectivos poderán pertencer a outro ciclo ou etapa.
- Os elementos do currículo susceptibles de modificación son os obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
- O alumnado [acnee] con condicións persoais de discapacidade mental, motora ou sensorial [atraso mental, problemas de mobilidade, cegueira, xordeira...] poderá precisar recursos distintos aos habituais.
- Ao alumnado con sobredotación poderá permitírselle que curse unha ou varias áreas ou materias do nivel inmediatamente superior.

Requisitos:

1. Informe psicopedagóxico.
2. Aprobación das familias.
3. Autorización da inspección.

AGRUPAMENTOS FLEXIBLES [AE]

Medida Extraordinaria [b]

Obxectivo: axudar ao alumnado a superar as súas dificultades nas materias nas que se poden realizar os agrupamentos.

Perfil: alumnado da ESO con dificultades nas áreas de Lingua e Literatura[LC ou LG], en Matemáticas, en Ciencias da Natureza [B-X, F-Q] e en Ciencias Sociais, proposto polo profesorado que lle deu clase no curso anterior.

Organización:

- Son desdobramentos transitorios realizados polo profesorado dos Departamentos implicados.
- É un reforzo que non implica cambios curriculares en xeral.
- Nos AE empregarase unha metodoloxía diferente [máis práctica].
- Os criterios de avaliación serán, en xeral, os mesmos que os do grupo de referencia.
- O alumnado non pode permanecer en AE máis do 40% do seu horario. [Priorizaranse Matemáticas e Linguas].
- Os AE constarán no expediente do alumnado como Reforzo Educativo.

AULA DE APOIO

Medida Extraordinaria [c]

Obxectivo: ofrecer unha atención personalizada ao alumnado do centro con necesidades educativas especiais.

Perfil: alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio [ACNEA] con dificultades nas áreas instrumentais prioritariamente de 1º e 2º da ESO. *[O alumnado que ven sendo atendido desde primaria nos centros adscritos na aula de apoio continuará con esta atención seguindo as indicacións do profesorado de primaria. Esta incorporación non impide a integración na clase ordinaria, sempre que o/a PT e o/a profesor/a da materia o consideren oportuno].*

Organización:

As intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe, no seu caso, serán propostas e deseñadas polo Departamento de orientación, en colaboración co titor ou titora e o profesorado do grupo.

Na[s] aula[s] de apoio haberá un máximo de 5 alumno/as.

O funcionamento das clases de apoio de Lingua Castelá e Matemáticas caracterizaranse por:

- Impartición do apoio fóra da aula ordinaria
- Coordinación entre o profesorado de Lingua Castelá e Matemáticas e o profesor ou profesora de apoio. Procurase traballar nos mesmos contidos adaptados ao nivel do alumno ou alumna, salvo nas adaptacións curriculares onde os contidos poden corresponder ao nivel de primaria. Programaranse actividades que permitan que cando un alumno ou alumna se incorpore ao grupo poida traballar nos mesmos contidos que o resto de compañeiros e compañeiras.
- Elaboración de material adaptado por parte dos Departamentos de Lingua Castelá e de Matemáticas e por parte de profesor ou profesora de apoio. A elaboración deste material é función de todos os profesores e profesoras dos Departamentos implicados.
- Orientación do proceso educativo e exercicio da acción tutorial levada a cabo por todo o profesorado do grupo. Ademais do titor ou titora o alumnado de apoio contará coas orientacións do profesorado implicado nos apoios [profesor ou profesora de Lingua Castelá, profesor ou profesora de Matemáticas, profesor ou profesora de apoio, orientadora]
- Información á familia do progreso do alumno ou alumna a través de informes trimestrais que se adxuntan ao boletín de nota.

FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERIODO DE ESCOLARIZACIÓN NA ESO

Medida Extraordinaria [d]

ESO [de 12 a 16 anos]

Obxectivo: adiantar ou retrasar o comezo e finalización da escolarización na ESO.

Perfil:

- alumnado repetidor un ano na etapa anterior
- alumnado con altas capacidades
- alumnado que se incorpora de xeito tardío ao sistema educativo
- alumnado inmigrante

Organización:

- A repetición nun mesmo curso só poderá realizarse unha vez e, excepcionalmente, dúas en cuarto curso se non se repetiu nos cursos anteriores da etapa. A medida será proposta pola xunta de avaliación.
- O alumnado con altas capacidades poderá adiantar un ano a súa escolaridade.
- O alumnado con altas capacidades poderá reducir nun ano o tempo de permanencia nesta etapa se non lle foi aplicada esta medida na etapa anterior.
- O alumnado con NEE poderá variar tanto a súa incorporación como a permanencia nesta etapa.
- O alumnado inmigrante poderá ser escolarizado nun ou dous cursos inferiores ao que lle correspondería por idade segundo as recomendación do equipo docente, ben na sesión de preavaliación ao longo do 1º trimestre.

Requisitos:

1. Informe do titor ou titora.
2. Informe psicopedagógico.
3. Proposta das ACIs.
4. Aprobación das familias.
5. Autorización da inspección.

FRAGMENTACIÓN DOS CURSOS

3º e 4º DA ESO

Medida Extraordinaria [d]

Obxectivo: facilitar ao alumnado con necesidades educativas especiais a consecución do título de Graduado/a en ESO.

Perfil: alumnado con necesidades educativas específicas que necesite un apoio personalizado que xustifique esta medida.

Organización:

3º e 4º da ESO

- Para alumnado con necesidades educativas especiais.
- Poderase autorizar excepcionalmente a fragmentación dos cursos 3º e 4º ESO se as necesidades de apoio específico o xustifican.
- O alumno deberá permanecer escolarizado todo o horario, e durante os períodos correspondentes ás áreas que non estea a cursar deberá prestárselle atención.
- O alumnado poderá permanecer excepcionalmente un ano máis na etapa, pero a permanencia na ESO non poderá estenderse máis alá do ano no que cumpra os 20 de idade.
- Esta medida non será de aplicación nun curso no que xa se permanecese un ano máis.
- Na distribución horaria dos Departamentos despois de ser contabilizadas as horas das actividades docentes da súa especialidade e das materias afíns que, se é o caso, lle correspondan, será prioritaria a dedicación ao reforzo do alumnado que o necesite para unha mellor atención á diversidade.

**FLEXIBILIZACIÓN
DA DURACIÓN DO
PERIODO DE
ESCOLARIZACIÓN
NO BACHARELATO
E NA FORMACIÓN
PROFESIONAL**

Obxectivo: facilitar ao alumnado con necesidades educativas especiais a consecución do título de Bacharelato ou título de Técnico/a [ciclos medios] ou Técnico/a Superior [ciclos superiores] de FP.

Perfil: alumnado con necesidades educativas específicas que necesite un apoio personalizado que xustifique esta medida.

Organización:

**Medida
Extraordinaria [d]**

- O alumnado con NEE poderá cursar o bacharelato ou FP de xeito fragmentado a proposta do equipo docente.
- Este alumnado poderá estar escolarizado todo o horario recibindo atención adaptada ás súas necesidades durante os períodos correspondentes ás áreas ou módulos que non estea a cursar.
- As Xefaturas dos Departamentos implicados nas materias ou módulos que estea a cursar o alumno ou alumna, adaptarán o currículo e proporán actividades para as horas nas que o alumno ou alumna debería estar recibindo clase doutras materias ou módulos que non cursa.
- A Xefatura de estudos e o Departamento de Orientación organizarán cos Departamentos implicados o horario de atención ao alumno ou alumna que estea nestas condicións.
- En bacharelato poderán aumentar a súa escolarización ata dous anos máis con respecto á norma xeral.
- En FP poderase autorizar unha repetición máis das dispostas.
- O alumnado con sobredotación poderá adiantar nun ano a súa escolarización no ensino postobrigatorio.

Procedemento para solicitar a flexibilización

- Informe do Departamento de Orientación que xustifique a medida.
- Conformidade do pai/nai ou titor/a legal, no caso de que ao alumno ou alumna sexa menor de idade.
- Proposta de adaptación do currículo deseñada polos Departamentos implicados.
- Período de solicitude: **abril** [para as modalidades que non contén con avaliación extraordinaria no mes de setembro] ou **setembro**, dentro dos 15 días naturais posteriores á presentación da solicitude da matrícula.

**PROGRAMA DE
MELLORA DA
APRENDIZAXE E
DO
RENDEMENTO
[PMAR]**

**Medida
Extraordinaria
[e]**

Obxectivo: que os alumnos e alumnas alcancen, mediante unha metodoloxía apropiada e uns contidos adaptados ás súas características **as competencias do 1º ciclo da ESO e poidan cursar 4º ESO pola vía ordinaria, obtendo** o título de Graduado en Educación Secundaria.

Perfil:

- Alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe en cursos anteriores para o que as medidas de atención á diversidade adoptadas non resultaron suficientes, e para o que a xuízo do equipo docente existan expectativas razoables de que poida alcanzar o título de graduado en ESO.
- Poderán participar neste Programa os alumnos e alumnas que:
 - Ter cursado 1º da ESO, tendo repetido en primaria, ou ter repetido 1º da ESO e non estar en condicións de pasar a 2º. [2º PMAR]
 - Ter cursado o 2º da ESO sen superalo e ter repetido xa unha vez en primaria ou en secundaria. Ter repetido 2º da ESO e non estra en condición de pasar a 3º. [3º PMAR]
 - Tras cursar 3º ESO, non estean en condicións de promocionar. [3º PMAR]

Organización:

- O grupo terá entre 5 e 10 alumnos ou alumnas. As materias agrúpanse en ámbitos: Sociolingüístico e Científico. O alumnado cursa os ámbitos e a Lingua Estranxeira separados do seu grupo de referencia.
- Para entrar no programa é necesario que:
 - O titor ou titora propoña ao alumno ou alumna.
 - A xunta de avaliación ratifique esta proposta.
 - A Xefatura de Estudos considere conveniente esta medida.
 - O Dpto. de Orientación emita un informe. favorable.
 - O alumno ou alumna acepte participar no programa.
 - A familia autorice a participación do seu fillos ou filla no programa.

**INTEGRACIÓN DE
MATERIAS EN ÁMBITOS
1º ESO
[IMA]**

Medida Extraordinaria [f]

Obxectivo: facilitar o tránsito do alumnado entre a educación primaria e 1º ESO

Perfil: alumnado procedente de 6º de primaria con dificultades de aprendizaxe.

Organización:

- En 1º da ESO pódense agrupar as materias por ámbitos.
- Estes agrupamentos faranse a efectos de organización e significarán que un so profesor ou profesora imparta docencia de máis dunha materia.

Ámbito Sociolingüístico: LG/LC/CCSS

Ámbito científico: MAT/CCNN

- Cada unha das materias terá o seu propio currículo e tratamento a efectos de avaliación, sendo o mesmo que cando se imparte por separado.
- Esta medida requirirá autorización expresa do servizo provincial da Inspección Educativa.

**ATENCIÓN EDUCATIVA
DO ALUMNADO QUE
PRESENTA
DIFICULTADES PARA
UNHA ASISTENCIA
CONTINUADA AO
CENTRO**

**Medida Extraordinaria
[g]**

Obxectivo: facilitar unha escolarización o máis normalizada posible deseñando e aplicando as medidas de atención á diversidade que procedan para cada casuística específica [violencia de xénero, acoso escolar, itinerancia familia, atención hospitalaria..., e absentismo], no momento en que o alumno ou alumna se matricule no centro.

Perfil:

Alumnado de ESO, Bacharelato e FP que presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro

Organización:

- O equipo directivo, a Xefatura de estudos e o Departamento de Orientación recollerán información sociofamiliar e académica de cada alumno ou alumna que precise unha escolarización específica.
- En cada caso deseñarase unha programación específica adecuada baseada nas competencias básicas e nos contidos mínimos das materias, adaptando a metodoloxía ao contorno físico no que reciba a escolarización.
- No caso do alumnado hospitalizado que por motivo dunha enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro por un período prolongado de tempo [superior a 15 días], poderá realizar na **aula hospitalaria** actividades educativas de carácter xeral, que necesitarán unha coordinación co instituto no caso de prolongarse a mesma. De ser necesario o alumno ou alumna continuará os seus estudos a través dunha **atención educativa domiciliaria** coordinada polo profesor ou profesora titor e polo Departamento de Orientación.

GRUPO DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS

Medida extraordinaria [h]

Obxectivo: traballar co alumnado estranxeiro descoñecedor da LC e da LG en agrupamentos flexibles, que teñan por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope matriculado.

Perfil: alumnado estranxeiro da ESO que descoñeza completamente ambas as dúas linguas oficiais de Galicia.

Organización:

- Son agrupamentos flexibles.
- En xeral o alumnado poderá formar parte destes agrupamentos un trimestre ou ata que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao descoñecemento das linguas.
- O alumnado deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que estea escolarizado no mesmo curso.
- O horario máximo de pertenza a un grupo de adquisición de linguas será 24 períodos lectivos semanais que poderá irse reducindo.
- Cursará co grupo ordinario a Educación Física, Música, Educación Plástica e Tutoría.
- O profesorado do grupo de adquisición de linguas pertencerá ás especialidades de tipo lingüístico.
- Cando os grupos de adquisición de linguas non se poidan conformar, este alumnado deberá incorporarse ás medidas de atención á diversidade do centro, logo do informe da Xefatura do Departamento de Orientación, quen propondrá a incorporación a aquelas medidas que resulten máis adecuadas para cada alumno ou alumna.

**GRUPO DE
ADAPTACIÓN DA
COMPETENCIA
CURRICULAR**

Obxectivo: traballar co alumnado estranxeiro en agrupamentos flexibles para que progrese na súa competencia curricular, de xeito que se posibilite a súa incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope matriculado.

**Medida
extraordinaria [i]**

Perfil: alumnado estranxeiro da ESO que presente dous ou máis cursos de desfase respecto á súa idade.

Organización:

- Son agrupamentos flexibles.
- A permanencia nos grupos de adaptación da competencia curricular levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, coincidindo coas materias instrumentais.
- Un alumno ou alumna estranxeiro con desfase curricular poderá beneficiarse desta medida todo o ano escolar se fora necesario.
- O alumnado do grupo deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que estea escolarizado no mesmo curso.
- O horario máximo de permanencia neste grupo é de 10 períodos lectivos.
- O profesorado destes grupos de adaptación da competencia curricular pertencerá preferentemente ás especialidades correspondentes coas materias a reforzar.
- A avaliación deste alumnado correspóndelle ao profesor ordinario, quen terá en conta a información do profesor ou profesora do grupo de adaptación de competencia curricular.
- O titor ou titora do alumno ou alumna destes grupos, deberá establecer a coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o de adaptación, especialmente no relativo ao aspectos metodolóxicos, programación de actividades e establecemento de criterios de avaliación.

IV.3 Outras medidas

PROGRAMA DE ACOLLIDA E INTEGRACIÓN DE ALUMNADO INMIGRANTE



Medida Ordinaria
[propia do instituto]

Obxectivo: coñecer as características persoais, académicas e familiares do alumnado inmigrante para diagnosticar e organizar en consecuencia a intervención educativa.

Perfil: alumnado estranxeiro que se incorpore en cada un dos niveis educativos que se imparten no centro.

Organización:

- Os alumnos e alumnas estranxeiros que se vaian incorporando ao centro, ben ao comezo ou ao longo do curso escolar, contarán sempre coa axuda do titor ou titora e/ou un compañeiro ou compañeira, para facilitarlle a súa integración, ademais do Departamento de Orientación, do equipo docente e da Xefatura de estudos.
- O titor ou titora, apoiado polo Departamento de Orientación, é a persoa que se responsabiliza da presentación do espazo físico do centro, de dar a coñecer as normas de convivencia, e de presentarles aos alumnos e alumnas estranxeiros da súa titoría o plan de intervención educativa deseñado para cada un deles ou delas.
- Os plans de intervención individuais de ser necesarios, debateranse pola Xefatura de estudos, o Departamento de orientación e o equipo docente decidindo a aplicación das medidas ordinarias ou extraordinarias convenientes.
- Para a adopción das medidas de atención á diversidade convenientes terase en conta o **informe do alumnado inmigrante** que se cubre no IES Chapela, antes de rematado o 1º trimestre e a información recollida nas horas semanais de REOR [reunións do profesorado titor co Departamento de Orientación].
- O alumno ou alumna voluntario que se encarga de facilitar ao alumno ou alumna inmigrante o horario do curso, acompañao/a nos cambios de aula, preséntao/a aos compañeiros/as e axúdao/a na comunicación co profesorado.

**PROGRAMA DE APOIO
PARA O ENSINO –
APRENDIZAXE DO
GALEGO**



**Medida Ordinaria [propia
do instituto]**

Obxectivo: traballar co alumnado procedente doutras comunidades ou dun país estranxeiro, durante o período de exención da LG, para que vaia adquirindo progresivamente un dominio adecuado desta lingua e poder seguir as ensinanzas propias do nivel no que estea matriculado en igualdade de condicións ca os demais compañeiros e compañeiras de clase.

Perfil: alumnado procedente doutras comunidades ou dun país estranxeiro de todos os niveis educativos, especialmente o alumnado da ESO.

Organización:

- A selección e organización das actividades debe partir do Departamento de Galego, que contará co apoio do resto do equipo docente e do Equipo de Dinamización Lingüística.
- Alumnado exento de galego será atendido por un profesor ou profesora do Departamento na hora da materia do grupo, cando a organización do centro o permita.
- Proporase a aplicación desta medida sempre que o Departamento teña dispoñibilidade horaria.

V. CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

Unha vez identificadas as necesidades de atención á diversidade [nas sesións de avaliacións de XUÑO e SETEMBRO] a organización dos recursos farase seguindo este esquema:

Recursos materiais

O centro dotará ás aulas específicas con recursos TIC e asignará unha partida presupostaria suficiente que complementará as asignacións do Fondo Social Europeo [FSE] e do Plan Mora.

Recursos humanos

QUE TEMOS [Profesorado dispoñible]	QUE NECESITAMOS APLICAR [Medidas de atención á diversidade]
<ul style="list-style-type: none">▪ Un profesor ou profesora especialista en Pedagogía Terapéutica [PT]▪ Profesorado dos Departamentos implicados▪ Profesorado con dispoñibilidade horaria	<ol style="list-style-type: none">1. Aula de apoio2. Agrupamento de materias en ámbitos [1º ESO]3. PMAR [2º/3º ESO]4. Reforzos nas áreas instrumentais na ESO5. Reforzo do profesorado con dispoñibilidade horaria6. Pendentes [1º e 2º ESO] con atribución horaria
<ul style="list-style-type: none">▪ Profesorado específico dos Departamentos	<ul style="list-style-type: none">▪ Optatividade▪ Desdobres▪ Agrupamentos específicos▪ Pendentes▪ Reforzo

Organización de recursos humanos

Aula de apoio: atendida polo profesor ou profesora especialista en Pedagogía Terapéutica [PT].

Agrupamento de materias en ámbitos [1º ESO]: profesorado dos diferentes Departamentos en función da dispoñibilidade horaria.

Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento [2º/3º ESO]: profesorado dos diferentes Departamentos en función da dispoñibilidade horaria.

Reforzo nas áreas de Lingua [optativa para o alumnado exento de Francés polas súas dificultades lingüísticas]: será impartido prioritariamente polo profesorado da área.

Reforzo en Matemáticas: impartido prioritariamente polo profesorado da área.

Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas [1º e 2º ESO]: No caso de impartirse estes programas [para alumnado que accede desde os CEIPS á ESO por imperativo legal, que repite 1º ou 2º, promociona a 2º con MAT/LC/LG suspensas], o profesorado implicado será o de L. Galega, L. Castelá, Inglés, Francés, Latín e Grego [áreas de Linguas] e o de Matemáticas, FQ, B-X e Tecnoloxía [área de Matemáticas].

Reforzo en varias materias: será impartido polo profesorado da materia, ou profesorado doutros departamentos con dispoñibilidade horaria.

Desdobres: será impartido prioritariamente polo profesorado da área en función da dispoñibilidade horaria dos Departamentos, e sempre coordinados polo xefe ou xefa de Departamento.

Atención de pendentes: dependerá do profesorado que imparte a materia no grupo. Se non hai continuidade na materia a atención dependerá da Xefatura de Departamento [XD]. En caso de impartir clases de pendentes, estas estarán a cargo da XD en horario non lectivo do alumnado [tardes].

Adaptacións curriculares, programas específicos personalizados, atención hospitalaria, atención ao alumnado estranxeiro,... a orientadora, en coordinación coa Xefatura de estudos, titores e titoras e membros dos equipos docentes seguirán en cada caso as instrucións ditadas pola Consellería.



Sempre que unha medida de atención á diversidade teña dificultades de aplicación por faltas de horas do profesorado asignado, estudarase a posibilidade de complementar esta atención con profesorado de calquera Departamento con dispoñibilidade horaria.

Criterios para a aplicación das medidas de atención á diversidade

A organización de cada unha destas medidas está detallada no presente plan, no apartado que corresponda referente ás medidas de atención á diversidade, **medidas ordinarias** ou **medidas extraordinarias**.

Na análise da información recollida nas avaliacións de xuño e setembro para acordar as medidas de atención á diversidade que se aplicarán no curso que empeza, teremos en conta cada unha destas casuísticas:

- Alumnado de apoio
- Alumnado para reforzo nas áreas instrumentais
- Alumnado para agrupamento de materias en ámbitos [1º ESO]
- Alumnado para programa de mellora de aprendizaxe e do rendemento
- Alumnado para agrupamentos específicos nas distintas materias
- Alumnado repetidor
- Alumnado que promociona por imperativo legal
- Alumnado conflictivo

A aplicación de cada unha das medidas, en cada curso escolar [concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade], dependerá de:

1. O número de alumnado que a necesite
2. A dispoñibilidade de profesorado
3. As posibilidades organizativas do centro
4. A decisión do claustro
5. A aprobación da administración [medidas extraordinarias]

Unha vez analizadas as NECESIDADES e POSIBILIDADES adoptaranse os seguintes criterios para a aplicación das medidas de atención á diversidade:

1. Todas as medidas de atención á diversidade que se levan aplicando dende hai varios anos [apoio, agrupamentos de materias en ámbitos en 1º ESO, PMAR -antigo PDC-, agrupamentos específicos, reforzos e desdobres] serán aplicadas sempre que haxa alumnado proposto e profesorado dispoñible.
2. Cada curso escolar poderán propoñerse a implantación de novas medidas [ou aquelas rexeitadas anteriormente], sempre que se consideren necesarias e viables. Estas medidas terán por obxectivo atender as dificultades detectadas no alumnado, tanto no relativo ao proceso de aprendizaxe, como a problemas de conduta.

3. No caso de que non se poidan aplicar todas as medidas de atención á diversidade que foran precisas priorizaranse aquelas que:
 - a. Requiran organizacións específicas [apoio, agrupamentos de materias en ámbitos en 1º ESO, PMAR]
 - b. Atinxan os niveis máis básicos e atendan ás áreas instrumentais básicas [AE, reforzo, desdobres de grupo]
 - c. Conten con profesorado especialista dispoñible [optativas, desdobres 1h semanal, AE, pendentes]
 - d. Requiran profesorado non especialista con dispoñibilidade horaria [reforzos, pendentes de 1º e 2º de ESO]

4. Na formación de grupos terase en conta o reparto equilibrado de
 - Alumnado con ACI
 - Alumnado repetidor
 - Alumnado que promociona por imperativo legal
 - Alumnado conflictivo

VI. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS

Funcións do equipo directivo

- Garantir, nas sesións de avaliación, a recollida de información sobre as medidas de atención á diversidade que se deberían aplicar.
- Acordar, xunto coas Xefaturas dos Departamentos de Orientación e didácticos implicados, as medidas de atención á diversidade que se aplicarán no curso que empeza [a principios de setembro antes da confección de horarios].
- Organizar os grupos ao principio do curso en función das necesidades de atención á diversidade e dos posibles problemas de convivencia.
- Posibilitar a coordinación profesor/ profesor de reforzo, profesor/Departamento de Orientación, para propiciar o éxito das medidas aplicadas.
- Valorar mensualmente o funcionamento e aplicación do plan de atención á diversidade entre a xefa de estudos e a xefa do Departamento de Orientación.
- Revisar nas CCP dos meses seguintes á 1ª e 2ª avaliación os resultados académicos dos alumnos e alumnas que reciben medidas de atención á diversidade, para buscar solucións aos problemas que vaian xurdindo.
- Recompilar as valoracións do plan desde os diferentes Departamentos e recollelas na memoria final.
- Incorporar na Programación Xeral Anual do centro a concreción anual do Plan de Atención á Diversidade, elaborado polo Departamento de Orientación.

Función da profesora da especialidade de Psicoloxía e Pedagogía [Orientadora]

- Elaborar a proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade, en colaboración co resto dos membros do Departamento.
- Concretar a proposta anual do Plan de Atención á diversidade despois da xuntanza co equipo directivo e as Xefaturas dos Departamentos.
- Asesorar á comisión de coordinación pedagóxica, proporcionando criterios organizativos, curriculares e psicopedagóxicos con respecto á atención educativa de todo o alumnado.
- Colaborar na planificación, desenvolvemento e avaliación dos plans de apoio do centro.
- Realizar o informe de avaliación psicopedagóxica, que determine as necesidades educativas do alumno ou alumna e, no seu caso, o ditame de escolarización, en colaboración cos profesionais do centro e outros servizos

educativos. Sempre que sexa posible teranse en conta os informes doutros servizos externos ao centro, de carácter médico, social ou familiar, que acheguen información relevante para a determinación das necesidades educativas do alumno ou alumna.

- Coordinar a realización do plan de actividades do Departamento de Orientación e a memoria do mesmo de final de curso, onde se reflictan as medidas de atención á diversidade aplicadas no curso e a súa valoración.
- Asesorar tecnicamente na adecuación dos obxectivos xerais, nas decisións de carácter metodolóxico, no establecemento de criterios xerais sobre avaliación das aprendizaxes e promoción do alumnado, no deseño de procedementos e instrumentos de avaliación e na prevención e intervención ante dificultades ou problemas de aprendizaxe.
- Colaborar no seguimento e avaliación do proceso educativo do alumnado.
- Participar na planificación e no seguimento das adaptacións curriculares e doutras medidas de atención educativa, en colaboración co profesorado e os demais profesionais implicados.
- Colaborar co profesorado na elaboración das medidas de atención á diversidade que deben ser contempladas nas distintas programacións didácticas.
- Coordinarse cos servizos de orientación específicos.
- Favorecer a participación das familias ou representantes legais do alumnado no proceso de identificación de necesidades e na resposta educativa ás mesmas.

Funcións das Xefaturas dos Departamentos didácticos

- Establecer os contidos mínimos baseados en competencias básicas que deben conseguir os alumnos e alumnas de apoio e reforzo.
- Coordinar aos profesores e profesoras que desdobran grupos ou realizan reforzos.
- Programar actividades para os alumnos e alumnas coa materia pendente.
- Propor medidas de atención á diversidade necesarias na área nas xuntanzas da CCP.
- Valorar a aplicación das medidas de atención á diversidade e propor modificacións de mellora para a súa inclusión no Plan de Atención á Diversidade do curso seguinte.
- Propor nas sesións da CCP novas medidas de atención á diversidade no caso de considerala necesarias.

Funcións do profesorado

- Detección de posibles problemas de aprendizaxe. Comunicación ao titor ou titora.

- Elaborar e recompilar materiais didácticos para a realización das adaptacións curriculares.
- Propor nas sesións de avaliación, ao alumnado que precisa medidas de atención á diversidade.
- Coordinación entre o profesor ou profesora de apoio [PT] e o profesor ou profesora de área: avaliar de forma conxunta, realización de actividades.
- Facer o seguimento do alumnado no grupo ordinario daquel alumno ou alumna coa materia pendente do curso anterior.
- escoitar e aplicar as indicacións do Departamento de Orientación que conduzan á mellorar os problemas de ensino-aprendizaxe do alumnado.

Funcións do titor ou titora

- Solicitar información ao profesorado e ás familias, do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado do grupo onde exerce a titoría.
- Detectar posibles problemas de aprendizaxe e comunicarllelos ao Departamento de Orientación e aos Departamentos didácticos.
- Transmitir a información ás familias, e das familias ao centro.
- Colaborar co Departamento de Orientación, na orientación académico-profesional, en canto a elección de itinerarios formativos.

Profesoras especialistas en Pedagogía Terapéutica

- Participar na elaboración do plan de atención á diversidade e colaborar no desenvolvemento, seguimento e evolución das medidas establecidas no mesmo, asesorando nos programas de intervención individual, o desenvolvemento das adaptacións e axudas técnicas e de acceso ao currículo.
- Intervir directamente co alumnado con necesidade específica de apoio educativo que o precise, coordinándose con outros membros do Departamento de Orientación, co titor ou titora e co resto de profesionais que intervén co alumnado.
- Elaborar e adaptar materiais para a atención educativa especializada a este alumnado e proporcionar orientacións ao profesorado para a adaptación de materiais curriculares e material de apoio.
- Colaborar, co resto do profesorado do centro, na prevención, detección e valoración de problemas de aprendizaxe.
- Valorar, xunto co titor ou titora e resto de profesores e profesoras, o seguimento do proceso educativo do alumnado, de acordo aos obxectivos e contidos.
- Colaborar co profesorado titor e a orientadora no asesoramento e orientación ás familias ou representantes legais, en relación ao proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado con necesidades educativas co que intervén.

VII. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN

A coordinación entre as distintas etapas educativas do centro ESO, Bacharelato e FP, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos, lévase a cabo a través de:

- Equipo directivo: Xefatura de Estudos e Vicedirección principalmente.
- Departamento de Orientación
- Departamentos didácticos

No centro entre as distintas etapas educativas

Entre outras teñen especial interese as actividades:

- **De Orientación Académico Profesional [OAP]**, onde o alumnado de FP explica o funcionamento dos ciclos que se imparten no instituto ao alumnado de 4º da ESO
- **Relacionadas coa alimentación, e a saúde física, psíquica e social** onde interacciona o alumnado das familias de FP de Sanitaria e Servizos socioculturais á Comunidade co alumnado de ESO e Bacharelato, para previr e solucionar problemas relacionados con anorexia, bulimia, habilidades sociais...
- **Sociogramas** realizados [non de xeito anual] polo alumnado do CS de Educación Infantil ao alumnado de 1º e 2º ESO. Esta actividade reviste un especial interese tanto para o profesorado titor destes grupos como para o alumnado do ciclo que realiza unha práctica real.

Con outras etapas educativas

- Para facilitar a transición á universidade organízanse, sempre que é posible, charlas con ex alumnos e alumnas, actualmente estudantes de ciclos ou graos universitarios. Isto complementase coa presenza de profesionais da universidade no centro que proporcionan información específica.
- Con respecto á FP, todos os cursos recibimos visitas doutros centros de secundaria interesados na nosa oferta educativa, do mesmo xeito que nós nos interesamos pola oferta doutros centros.
- Cando os mecanismos de atención á diversidade que pode ofrecer o instituto xa se esgotaron para certo alumnado polas súas dificultades [discapacidade intelectual, problemas graves de conduta...], o centro busca a escolarización en centros específicos elaborando ditames de escolarización baseados na coordinación con outros centros e estamentos [centros educativos especiais, servizos sociais...].

Cos centros adscritos

Cos centros de primaria continuamos coa liña de coordinación primaria-secundaria iniciada no curso 1998-99 cos CEIPs adscritos que detallamos a continuación:

PROGRAMA DE TRANSICIÓN DA ETAPA PRIMARIA Á SECUNDARIA OBRIGATORIA E ACOLLIDA DO ALUMNADO

★ IES Chapela

-
- CEIP Alexandre Bóveda
 - CEIP Igrexa
 - CEIP Laredo



Aínda que este programa non figura como tal, nas medidas de atención á diversidade, xustificamos a importancia da súa inclusión porque o paso dos alumnos e alumnas de primaria a secundaria representa un cambio importante para eles e para as súas familias. Significa o aumento do número de profesores e profesoras por curso, o cambio de estilo de traballo do profesorado, a adaptación aos novos compañeiros e compañeiras, o paso de colexios cun tipo de relación baseada no control a un instituto no que progresivamente se van dando pasos cara a unha maior autonomía do alumnado. Procurar que os procesos de educación escolar non sufran discontinuidades esixe un esforzo de coordinación entre os centros implicados.

Actuacións

- Reunión do equipo directivo e da orientadora do Instituto, con pais e nais dos alumnos e alumnas de 6º de Ed. Primaria, cos titores e titoras de 6º, e coas orientadoras dos colexios adscritos co fin de explicarlles as características da nova etapa educativa e facer unha visita guiada polo instituto. [Finais de xuño, antes do remate das clases.]
- Reunión da xefa de estudos do IES, dos xefes e xefas dos Departamentos do IES implicados na ESO, da xefa do Departamento de Orientación do IES, coas orientadoras dos colexios adscritos e os titores e titoras de 6º para recoller información dos alumnos e alumnas que previsiblemente se van incorporar ao Instituto. [Obxectivos e contidos alcanzados polo alumnado nas distintas áreas, metodoloxía e procesos de ensino e aprendizaxe levados a cabo nos colexios.]
- Acto xeral de recibimento o primeiro día de curso [día das presentacións] ao alumnado de 1º ESO por parte dalgún membro do equipo directivo e dos titores e titoras.

- Explicación dos titores e titoras de 1º, a primeira semana de clase e cada quen na súa aula, sobre a organización do centro, normativa, características da educación secundaria obrigatoria...
- Reunión ao longo do mes de outubro da xefa de estudos, orientadora e titores e titoras de 1º coas familias, para informarles dos aspectos máis relevantes da etapa: organización do instituto, horarios de atención ás familias, normas básicas, horario de clases, actividades extraescolares, función do Departamento de Orientación, Plan de Acción Titorial, etc.
- Análise por parte da orientadora do instituto dos informes remitidos polos centros de Primaria e dos ditames de escolarización. Entrevista coas familias de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais.
- Seguimento individual do alumnado que chega ao IES con avaliacións psicopedagóxicas específicas e entrevistas por parte do Departamento de Orientación para pedir e/ou comunicar información a familias e profesorado.
- Aplicación polos profesores e profesoras de cada área das probas iniciais de avaliación do nivel de competencia curricular.
- Detección e prevención por parte do titor ou titora e profesorado do alumno ou alumna, de posibles dificultades durante o proceso de transición, comunicándoo á orientadora para buscar posibles medidas de intervención.
- Avaliación inicial. O equipo educativo realiza unha avaliación inicial do alumnado [ESO e Bacharelato], incidindo de xeito particular no alumnado de 1º ESO.
- Aplicación de medidas de atención á diversidade: entrevista coa familia, revisión das materias optativas elixidas, adaptar o programa ao grupo de alumnos, elaboración de adaptacións curriculares individuais, organización de grupos de apoio...

VIII. COLABORACIÓN COAS FAMILIAS E SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

Coas familias

O centro debe garantir aos pais, nais ou titores legais do alumnado, en especial do que presente necesidade específica de apoio educativo, ou ao propio alumnado na medida que a súa idade e capacidade o permita, unha información precisa, comprensible e continuada de todas as decisións e medidas curriculares, organizativas e de recursos que se vaian a adoptar para a súa atención educativa. A comunicación fluída coas familias facilitará unha mellor resposta educativa ao alumnado.

A responsabilidade principal das comunicacións será do titor ou titora xunto co Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos.

- Nas reunións de comezo de curso [co titor ou titora, coa xefa de estudos e coa orientadora] as familias serán informadas das canles de comunicación co profesorado titor [horario, teléfonos, correo electrónico...] , e se fora o caso co profesorado das distintas áreas nas que o alumnado recibe axuda.
- O Departamento de Orientación entrevistarase ao comezo do curso coas familias do alumnado que reciban axuda na aula de apoio; nestes encontros explicaráselles a planificación do traballo do curso e, especialmente no caso dos novos alumnos e alumnas, pediráselles información relevante sobre a situación emocional e familiar do alumno ou alumna ou as súas relacións sociais, a historia escolar, a realización das tarefas en casa ou outras informacións pertinentes. O titor ou titora e o Departamento de Orientación aconsellarán aos pais, nais ou titores legais sobre como axudar aos seus fillos e fillas no traballo escolar e as canles para colaborar co profesorado que atende ao alumno ou alumna. Recollerase por escrito a súa aceptación das medidas educativas proxectadas polo equipo educativo.
- Ao finalizar cada trimestre **o titor ou titora** enviará un informe ás familias dos alumnos e alumnas con medidas de atención á diversidade, xunto co boletín de cualificacións, onde se indica o progreso nas áreas atendidas e se é o caso dos obxectivos e contidos traballados, así como a valoración cualitativa das aprendizaxes conseguidas e recomendacións para o traballo en casa e durante as vacacións de ser necesario. Os informes serán realizados polo profesorado que imparte as medidas de atención á diversidade.

Cos diferentes servizos externos ao centro

A responsabilidade principal das comunicacións cos servizos externos ao centro será da orientadora e do equipo directivo.

En relación coas instancias externas ao centro, é fundamental a comunicación e colaboración con:

- O equipo de orientación provincial. As demandas aos equipos específicos faranse cando xurdan as necesidades concretas: *audición e linguaxe, discapacidades motoras, discapacidades sensoriais, orientación vocacional e profesional, sobredotación intelectual, trastornos de conduta, trastornos xeralizados de desenvolvemento.*
- Os Servizos Sociais, de Saúde, e calquera outro organismo ou entidade que poida colaborar co centro escolar, co fin de solicitar toda a información necesaria para planificar a resposta máis adecuada ás necesidades educativas do alumnado e buscar asesoramento e axuda para o noso labor. Neste sentido, organizacións como o *Departamento de neuropediatría do Hospital Xeral de Vigo*, a *Asociación Integra e o seu Servizo de atención a xoves con Síndrome de Asperxer*, a *Asociación de enfermos e enfermas mentais Avelaiña* ou outras institucións, poden ser indispensables para guiar o noso traballo con problemas ou patoloxías moi específicas nos nosos alumnos e alumnas.

IX. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Para solicitar unha medida extraordinaria de atención á diversidade seguirase o proceso seguinte:

1. PROPOSTA razoada do equipo docente do grupo ao que pertence o alumno ou alumna, expresada mediante un informe individualizado, elaborado polo profesor ou persoa titora, que será remitido ao Departamento de Orientación e no cal se fará constar:
 - A competencia curricular do alumno ou alumna en cada materia.
 - As dificultades de aprendizaxe presentadas.
 - As medidas de atención á diversidade aplicadas.
 - Os motivos polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno/a sexa obxecto de medidas de atención á diversidade [MAD].

2. INFORME da Xefatura do Departamento de Orientación no que se incluírá:
 - A avaliación psicopedagóxica na que figura a situación evolutiva do alumno ou alumna, a concreción das súas necesidades educativas, as orientacións curriculares, a proposta de escolarización, a determinación das axudas necesarias, e cantas outras orientacións se consideren oportunas.
 - O documento que reflicte o resultado da reunión entre o titor ou titora [ou orientadora], o alumno ou alumna, e os pais, nais ou representantes legais, na que se lles formulou a conveniencia da proposta educativa.

3. SOLICITUDE da medida extraordinaria á Inspección Educativa para a súa autorización, por parte da comisión formada polo Xefatura de Estudos, a Xefatura do Departamento de Orientación e o titor ou titora do grupo.

X. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

Na avaliación inicial que se realiza a comezo de curso, entre setembro e outubro, os profesores e profesoras de cada grupo farán especial fincapé na detección e valoración das necesidades específicas de apoio educativo do alumnado de cada grupo.

Os Departamentos didácticos nas reunións de Departamento valorarán os apoios e as adaptacións curriculares que se están realizando na súa área, tendo en conta a información que as familias achegan ao profesorado titor.

A xefa de estudos e a xefa do Departamento de Orientación manterán unha reunión mensual para valorar o plan de atención á diversidade.

Nas CCP dos meses seguintes á 1ª e 2ª avaliación valoraranse os resultados académicos dos alumnos e alumnas que reciben medidas de atención á diversidade, para buscar solucións aos problemas que vaian xurdindo.

Na última CCP do curso os Departamentos didácticos, o Departamento de Orientación e o equipo directivo achegarán unha valoración das medidas de atención á diversidade aplicadas, propoñendo melloras para a súa aplicación no vindeiro curso.

Na memoria final recolleranse as valoracións do claustro acerca do funcionamento do plan de atención á diversidade incluíndo propostas de modificación ou mellora de ser necesario.

Na avaliación de setembro completárase a información con respecto ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo [acneae] incluíndo a oferta das novas medidas propostas na memoria final.

Todas as modificacións propostas incluíranse na Programación Xeral Anual do curso seguinte para ser aprobadas polo consello escolar.



Na valoración do éxito [ou non éxito] da aplicación das medidas de atención á diversidade terase en conta o progreso realizado polo alumnado, independentemente da nota da avaliación [a valoración da medida pode ser positiva aínda que o alumno ou alumna suspenda].

ANEXOS: Documentos de utilidade

DOCUMENTOS COMÚNS	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Documento de avaliación necesidades MAD [Doc.1] ▪ Autorización da familia MAD [Doc.2] ▪ Informe área [Doc.3] ▪ Informe do titor/a [Doc. 4] ▪ Informe psicopedagóxico [Doc. 5] ▪ Solicitud da MAD [Doc. 6] 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Informe Avaliación inicial [Doc. Xade AL007] ▪ Informe de Avaliación Final [Doc. Xade AL031] ▪ Informe alumnado estranxeiro [Doc.7]
MEDIDAS ORDINARIAS (O)	DOCUMENTOS
l) Programas de habilidades sociais	Valoración da adquisición de HHSS [Doc.HHSS 1]
MEDIDAS EXTRAORDINARIAS(Ex)	DOCUMENTOS
a) Adaptacións curriculares.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Información á familia continuidade ACIs de Primaria [Doc. AC 1] ▪ Información á familia ACIs ESO [Doc. AC2] ▪ Acta decisión ACIs [Doc. AC3] ▪ Información á familia ACIs Bach [Doc.AC 4] ▪ Información á familia FP [Doc.AC 5] ▪ Informe do titor/a [Doc. 4] ▪ Informe psicopedagóxico [Doc. 5] ▪ Solicitud da MAD [Doc. 6]
b) Agrupamentos flexibles.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proposta agrupamento [Doc. AF1] ▪ Autorización da familia MAD [Doc.2] ▪ Solicitud da MAD [Doc. 6]
c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Autorización da familia MAD [Doc.2] ▪ Solicitud da MAD [Doc. 6]

<p>d) Flexibilización da duración do período de escolarización.</p> <p>FLEXIBILIDADE DA IDADE DE PERMANENCIA NA ETAPA (Ex)</p> <p>FRAGMENTACIÓN DOS CURSOS DE TERCEIRO E CUARTO DE ESO(O)</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Autorización da familia MAD [Doc.2] ▪ Solicitud da MAD [Doc. 6]
<p>e) Programas de mellora da aprendizaxe e rendemento.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Informe do titor/a [Doc. 4] ▪ Informe psicopedagógico [Doc. 5] ▪ Información á familia PMAR [Doc. PMAR 1] ▪ Acta decisión PMAR [Doc. PMAR 2] ▪ Solicitud da MAD [Doc. 6]
<p>f) Integración de materias en ámbitos en 1º ESO</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Informe do titor/a [Doc. 4] ▪ Informe Psicopedagógico [Doc. 5] ▪ Autorización á familia I. Ámbitos [Doc. IMA1] ▪ Acta decisión I. Ámbitos [Doc. IMA2] ▪ Solicitud da MAD [Doc. 6]
<p>g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Informe do titor/a [Doc. 4] ▪ Informe psicopedagógico [Doc. 5] ▪ Solicitud MAD [Doc. 6] <p style="text-align: center;">ATENCIÓN EDUCATIVA DOMICILIARIA</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Solicitud da familia á Dirección [Doc. AT DOM 1] ▪ Solicitud da Dirección á Xefatura territorial [Doc. AT DOM 2] ▪ Informe da orientadora ao profesor/a de atención domiciliaria [Doc. AT DOM 3]
<p>h) Grupos de adquisición das linguas</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Informe alumnado estranxeiro [Doc.7] ▪ Informe incorporación GAL [Doc. GAL 1] ▪ Solicitud MAD [Doc. 6]
<p>i) Grupos de adaptación da competencia curricular</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Informe alumnado estranxeiro [Doc.7] ▪ Informe do titor/a [Doc. 4] ▪ Informe psicopedagógico [Doc. 5] ▪ Solicitud MAD [Doc. 6]

